



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O BANCO DE SANTANDER PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE REXENERACIÓN AMBIENTAL, PAISAXÍSTICA E PREVENTIVA EN ZONA DE VAGUADAS AFECTADAS POLO INCENDIO INICIADO EN PADRÓNS (PONTEAREAS)

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural,

#### DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar co Banco de Santander, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos, contados a partir do 22.02.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto que ambas entidades colaboren para realizar actuacións de rexeneración ambiental, paisaxística e preventiva en zonas de vaguadas afectadas polo incendio iniciado na parroquia de Padróns, no municipio de Ponteareas, que afectou aos municipios de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Mondariz, Soutomaior, Pontecaldelas e Cotobade (provincia de Pontevedra).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia (BOE núm. 101, do 28 de abril), no seu artigo 27, atribúelle á Comunidade Autónoma as competencias exclusivas en materia de montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, tratamento especial das zonas de montaña e en materia de normas adicionais de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, ecoloxía e espazos naturais protexidos.

Que, en virtude das devanditas competencias e do que dispón o artigo 34.2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os montes incluídos no catálogo de montes de utilidade pública serán xestionados pola Administración Forestal.

Segundo. Que, en virtude do establecido no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é competencia súa propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural que engloba as





competencias en materia de montes, conservación e fomento dos recursos forestais, a mellora da produción forestal e a prevención e defensa dos incendios forestais.

Terceiro. Entre os días 14 e 15 de outubro, en Galicia, produciuse unha gran ondata de incendios en Galicia, que arrasou moitos montes. Un destes grandes incendios iniciouse na parroquia de Padróns, no municipio de Pontearreas, e afectou aos municipios de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Mondariz, Soutomaior, Pontecaldelas e Cotobade (provincia de Pontevedra). Despois destes incendios estanse preparando unha serie de actuacións que pretenden minimizar os riscos de propagación do lume en grandes superficies, debido a que na actualidade existe unha continuidade de combustible de masas arbóreas que crea unha cantidade de biomasa dispoñible favorecendo a propagación do lume.

As masas continuas de especies coma o pino e o eucalipto fan necesarias medidas de protección e de autoprotección de fronte ao risco do IF, xerando novas ferramentas forestais. Unha destas consiste na creación de discontinuidades nas masas a través dunha serie de faixas auxiliares de frondosas caducifolias (substituíndo as actuais masas de pino e eucalipto) e/ou cambio de uso en zonas de vaguadas.

Estas actuacións non só forman parte das medidas de protección de incendios forestais senón que tamén afectan ás medidas de biodiversidade, xa que se introducen zonas de borde de gran importancia para a biodiversidade, tanto no que son ocos de masa arboredo como de espazos abertos de pastos, imprescindibles para a protección das nosas especies propias do medio forestal.

Cuarto. Que o Banco Santander considera positivo para o cumprimento destes obxectivos a colaboración coa Consellería do Medio Rural, polo que as dúas partes acordan subscribir este convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

